Este hotel-balneario comezou a súa andaina no ano 1884 por iniciativa do Conde de Campomanes para o que habilitou un pazo da súa propiedade do que se ten constancia dende o século XVII, e conta cunha capela barroca.

A súa fonte foi declarada de utilidade pública 10 anos máis tarde tralo análise das augas polo Doutor Casares Gil xa que a composición delas permitía o tratamento de anemias, infertilidade, estados depresivos, problemas dixestivos, chegando a estar comercializada no seu momento.

Ata os anos 90 o balneario mantivo actividade, pechando no 1995, dando traballo á poboación do Incio máxime de xeito estacional pola gran afluencia dos e das chamadas auguistas, que efectivamente mentres melloraban a súa saúde incrementaban o nivel de riqueza no concello, máis, evidentemente, para os seus propietarios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén daba ganancia ó lugar xa que á súa sombra abríronse fondas e cantinas para as persoas que non podían pagar a estancia no hotel.

A fins dos 90, en concreto no 1197, vendeuse a Alba Marketing que prometeu de abrir o chorro de xeito inmediato e poñer a funcionar o balneario nun ano, cuestión esta que nunca aconteceu, de feito as obras foron paralizadas no 2005 e así permanecen a día de hoxe e con titularidade trasladada a un fondo do Banco Santander.

Por suposto, permanece a obra paralizada, o mobiliario de época perdido, tampouco sabemos do estado do retablo barroco da capela, é dicir, un ben a conservar desbotado en tódolos sentidos.

Podemos aseverar despois deste relato que demostra como están as cousas, que aquí perde o Concello do Incio, perde o Lugar da Ferrería, perden as persoas susceptíbeis de ser usuarias... mentres se perden bens patrimoniais que forman parte da nosa historia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a encadrar o "rescate" do Hotel-Balneario da Ferrería dentro dun plan para darlle impulso demográfico e económico ao concello do Incio. Para iso establecerase un cronograma de actuacións que contará coa correspondente dotación orzamentaria, será suficiente para levar adiante as xestións oportunas para a compra do Balneario da Ferrería, na parroquia de Trascastro, concello do Incio, para incorporalo ao seu patrimonio co fin de sacar un concurso público para a súa xestión e explotación.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
Mercedes Queixas Zas
Deputadas do G.P. do BNG
Manuel Lourenzo Sobral
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 15/10/2021 12:05:32

Mercedes Queixas Zas na data 15/10/2021 12:05:42

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/10/2021 12:05:50



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

En Galicia é onde existe un maior número de redeiras de todo o territorio español, sendo un colectivo formado no 99 % por mulleres que desempeña de modo artesanal a súa actividade e constitúe un traballo imprescindible para a pesca e para o sector.

O seu labor de reparación e confección de redes diferentes en función do tipo da arte de pesca, da técnica de confección da rede, mesmo a petición do armador, é fundamental para que os labores da pesca se poidan levar adiante. A arte de reparación e fabricación de redes é un dos máis antigos oficios mariñeiros.

Durante moito tempo o labor deste colectivo de profesionais que conforma as redeiras resultaba descoñecido para moita xente, pouco visible e minusvalorado; na actualidade empézase a recoñecer o seu importante labor grazas á loita das propias redeiras pola defensa dos seus dereitos e intereses. As redeiras agrupáronse en asociacións e estas á súa vez en federacións. Actualmente, existen sete asociacións e unha federación de redeiras no territorio galego.

A profesionalización e unha formación regulada son necesarias para dar estabilidade ao colectivo e para garantir o relevo xeracional. As redeiras desenvolven un labor tradicional manual e altamente cualificado. O colectivo das redeiras galegas loitan para dignificar a súa profesión.

Os barcos que chegan a porto descargan as redes deterioradas e recollen aquelas que xa foran reparadas para volver faenar. Sen a actividade das redeiras os labores da pesca non se poderían levar a cabo. Ademais, representa unha das sinais culturais de Galicia, que non é outra que a actividade relacionada co mar.



A xornada laboral é de oito horas, normalmente de 09:00 a 13:00 e de 15:00 a 19:00, se ben, en moitas ocasións, teñen que traballar ata a completa reparación das redes para que o barco poida saír faenar e evitar a perda de ingresos dos mariñeiros.

O oficio de redeira adoita transmitirse entre mulleres da familia e na actualidade hai un sector envellecido, pola falta de substitución xeracional (a media de idade deste colectivo está entre os 45 e os 60 anos)

Tradicionalmente viñan realizando os seus labores no porto, no propio peirao e á intemperie. Hoxe, na maior parte dos portos onde traballan, dispoñen de naves onde poder desenvolver o seu labor profesional.

Naves que nalgúns casos non compren as mínimas condicións de traballo, como pode ser a nave de redeiras do municipio de Cangas. Estas profesionais atópanse nunhas condicións laborais lamentables, apenas hai sitio para traballar, non hai lugar para descansar e non teñen nin vestiarios para cambiarse, porque a nave é un almacén de redes, non unha nave para desenvolver o seu traballo dignamente.

A nave quédase pequena polo aumento da carga de traballo que tiveron nos últimos anos na vila de Cangas.

Dita nave é de Portos de Galicia, esta institución é que ten que facer as obras de ampliación e reforma para mellorar as condicións de traballo destas redeiras.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a ampliar e reformar, no próximo ano a nave de redeiras de Cangas para que estas profesionais podan ter condicións dignas de traballo

Pazo do Parlamento, 15 de outubro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:


María Leticia Gallego Sanromán na data 15/10/2021 13:02:18

Patricia Otero Rodríguez na data 15/10/2021 13:02:26

Julio Torrado Quintela na data 15/10/2021 13:02:36

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/10/2021 13:02:44





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, María Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, José Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.

Exposición de Motivos:

O Corpo Nacional de Policía é unha peza clave do noso Estado de Dereito, prestando un servizo público que proporciona seguridade, contribuíndo ao benestar e á calidade de vida das persoas. O seu papel resulta decisivo ao ter asignadas como principais funcións, entre outras moitas, o coidado do libre exercicio dos dereitos cidadáns, o mantemento da orde pública, a protección de bens e servizos, a persecución do delito, a colaboración coa Xustiza para o cumprimento da lei ou os labores de cooperación e coordinación con outras institucións e entidades públicas para garantir a protección civil en todo tipo de situacións onde se poida ver comprometida a seguridade da poboación.

Tendo en conta a súa transcendencia, resulta prioritario prestarlle unha atención especial para garantir a súa presenza, así como a súa maior inmediatez e eficacia no desenvolvemento das súas funcións.

Ese foi o motivo polo que, ao longo dos case dous séculos da súa historia, o Corpo Nacional de Policía foi adaptando a súa estrutura organizativa e territorial, para tratar de satisfacer as necesidades do conxunto de España. Deste xeito, a Comunidade galega conta hoxe, ademais da Xefatura Superior de Policía de Galicia e dunha unidade específica adscrita á Xunta de Galicia, cunha extensa rede

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



de comisarías e dependencias da Policía Nacional radicadas nas capitais de provincia, en grandes cidades e nalguna cabeceira de comarca, atendendo ás necesidades do servizo e ás demandas da poboación. Segundo os datos da Dirección Xeral da Policía, dependente do Ministerio do Interior, o Corpo Nacional de Policía atende directamente en Galicia a unha poboación de 1.184.000 habitantes, radicados no contorno das áreas urbanas, o que representa arredor dun 43,33% da poboación galega.

Pero o despregue territorial de comisarías e dependencias policiais na actualidade non vai acompañado da dotación de efectivos que serían necesarios para unha correcta prestación dos servizos. As carencias de persoal afectan a todas as comaría galegas e mesmo a unidade adscrita á Xunta de Galicia, que viron como as necesidades foron aumentando na última década polo incremento das súas funcións (delitos telemáticos, delitos medioambientais, violencia de xénero e doméstica...), a redución das prazas convocadas e tamén pola falta de reposición de efectivos.

O pasado 17 de febreiro o DAO (Dirección Adjunta Operativa) tras confirmar o déficit de persoal, autorizou unha cobertura de mínimos para cada unha das UPAs autonómicas, que en Galicia podería situarse en torno aos 50 efectivos, co obxectivo de igualar a porcentaxe de cobertura das plantillas do CNP en Galicia.

Segundo o anuncio feito polo DAO se convocaría un Concurso Específico de Méritos polo que se convocarían as prazas o pasado mes de maio.

Transcurridos 6 meses dende este anuncio seguen sen convocarse nin cubrirse as prazas vacantes, e a unidade de policía adscrita á Xunta de Galicia dispón actualmente de 385 axentes dos 500 contemplados, o que se traduce nun 78% da plantilla retrocedendo a UPA a niveis de efectivos do ano 2003 a pesar de ter hoxe máis competencias e funcións que hai 14 anos.

O Secretario de Estado de Seguridad, Rafael Pérez, veu a Santiago de Compostela o pasado 28 de abril a presentar un Plan de Prevención e Seguridade para o tránsito

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



19 OUT. 2021

Núm. 23834

de peregrinos no Camiño de Santiago acompañado do Delegado do Goberno en Galicia José Miñones, visita que se quedou, unha vez máis, nun mero anuncio do goberno de España pero que non se materializou na dotación de máis efectivos para a Unidade de Policía Adscrita encargada de velar pola seguridade no Camiño de Santiago, xa que unha das competencias que ten asignada a UPA é a seguridade e vixilancia do Camiño de Santiago, e en pleno Ano Santo 2021-22 non parece razoable que unha unidade que ten tanta importancia na atención e seguridade do peregrino teña mermados os seus efectivos en mínimos históricos.

Á vista desta situación, que en maior ou menor medida afecta a todo o territorio e a propia Unidade Adscrita á Comunidade Autónoma con repercusión no desempeño das súas funcións e polo tanto cunha repercusión negativa para o conxunto da cidadanía.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia Insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España:


Que por parte do Ministerio do Interior a través da Dirección General da Policía se articule un concurso de méritos na Policía Nacional que permita cubrir vacantes na Unidade de Policía Adscrita para incrementar a 500 os seus efectivos, de xeito que esta Unidade poida cumprir coas funcións que actualmente está prestando”.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal






Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/10/2021 17:04:50

Paula Prado del Río na data 19/10/2021 17:05:04

José Manuel Rey Varela na data 19/10/2021 17:05:18

Ana Belén García Vidal na data 19/10/2021 17:07:48

José Alberto Pazos Couñago na data 19/10/2021 17:07:59

Noelia Pérez López na data 19/10/2021 17:08:08

María Felisa Rodríguez Carrera na data 19/10/2021 17:08:40

María Sol Díaz Mouteira na data 19/10/2021 17:08:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **José Luis Ferro Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, María Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión 4ª Educación e Cultura.

Exposición de motivos:

O pasado 30 de setembro, o ministro de Cultura y Deporte anunciou en sede parlamentaria que o seu departamento revisaría a fondo o anteproxecto de Lei de Patrimonio Histórico.

Estas declaracións foron entendidas como unha emenda ao texto elaborado polo anterior ministro, José Manuel Rodríguez Uribe, e puxeron de manifesto, unha vez máis, as importantes deficiencias do texto. O marco legal presentado polo Goberno de España non só invade as competencias das Comunidades Autónomas; senón que impón ríxidos trámites burocráticos que dificultan a xestión patrimonial e a atención á cidadanía.

Desde o primeiro momento, a Xunta de Galicia amosouse contraria a este anteproxecto ao consideralo propio dun tempo xa superado. O Goberno de Galicia presentou, en tempo e forma, as alegacións necesarias para lograr que o texto respondera realmente ás necesidades actuais do patrimonio histórico español.

Despois de que o propio Goberno central anunciara a necesidade de revisar a fondo o texto, parece imprescindible que se presente un novo marco xurídico dialogado e que teña en conta o ámbito competencial das Comunidades Autónomas.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a instar ao Goberno de España a elaborar un novo anteproxecto de Lei de Patrimonio Histórico

Español dialogado, adecuado á lexislación vixente nas Comunidades Autónomas e a nivel internacional e que atenda á realidade patrimonial do noso país”.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2021.


Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/10/2021 17:31:15

José Luis Ferro Iglesias na data 19/10/2021 17:31:28

Teresa Egerique Mosquera na data 19/10/2021 17:31:43

María Elena Suárez Sarmiento na data 19/10/2021 17:31:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



19 OUT. 2021

Núm. 23837

Rodríguez Pérez, Moisés na data 19/10/2021 17:32:19

María Felisa Rodríguez Carrera na data 19/10/2021 17:32:25

Gómez Salgado, Carlos na data 19/10/2021 17:32:38

Ovidio Rodeiro Tato na data 19/10/2021 17:33:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
20 OUT. 2021
Núm. 23850

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **María González Albert, Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mércores 6 de outubro de 2021, unha semana antes do discurso triunfal do presidente da Xunta de Galiza en sede parlamentar en relación á situación da atención sanitaria en todo o país e na comarca de Valdeorras en particular no chamado “Debate do Estado da Autonomía”, a cidadanía desa comarca retomaba as concentracións semanais reclamando melloras na atención no Hospital Público de Valdeorras (antes comarcal).


O reinicio das protestas, cíclicas e xa case tradicionais na comarca máis oriental do país, tiña lugar ante a insustentábel situación asistencial que a cidadanía valdeorresa está a padecer por parte do SERGAS; cun HPV cada vez máis deficitario en servizos e cun novo modelo de atención que, tras a desaparición da área sanitaria, ten sido cada vez máis centralizado en Ourense a costa da comarcalización antes existente.

Este evidente déficit de atención e deterioro na prestación de servizos ten avanzado un chanzo máis na fin de semana do 16 e 17 de outubro. Neses dous días o hospital público de referencia en Valdeorras non contou con servizo de traumatoloxía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Así, desde a EOXI, semella terse dado por sentado que non é imprescindible contar con unha persoa especialista de garda no distrito.

Así, mentres que o Hospital Comarcal de Valdeorras chegara a ter até catro especialistas en traumatoloxía a día de hoxe só está cuberta unha praza no servizo polo que a situación que se deu nesa fin de semana ten que se repetir obrigatoriamente no futuro.

A dirección do distrito e da EOXI asumen así que no caso de darse un caso que precisara asistencia traumatolóxica tería que ser derivado directamente a Ourense, o que efectivamente aconteceu na fin de semana mencionada.

Cabe sinalar que o HPV se atopa a 1 hora e 32 minutos de distancia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e que no hospital valdeorrés xa vai meses que durante moitas fins de semana non se está a cubrir tampouco a garda de médicos de radiodiagnóstico, polo que o incumprimento da labor asistencial é máis grave se cabe.

Ao tempo, a escaseza de ambulancias dispoñíbel en Valdeorras provocou que pacientes de traumatoloxía que se dirixiron ao HPV nesa fin de semana tivesen que desprazarse até Ourense no seu coche particular, no que só pode ser cualificado como un abandono total de funcións por parte do SERGAS..


Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



- Cubrir as prazas vacantes nos servizos de traumatoloxía e radiodiagnóstico no Hospital Público de Valdeorras.
- Modificar e mellorar a provisión do servizo de ambulancias para que cubra todos os desprazamentos precisos ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.
- Iniciar os trámites precisos para recuperar a extinta Área Sanitaria de Valdeorras ante o evidente deterioro asistencial producido no distrito desde a súa desaparición.”

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2021

Asdo.: María González Albert

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

**María
González
Albert**

Firmado
digitalmente por
María González
Albert
Fecha: 2021.10.20
10:32:27 +02'00'

**Noa Presas
Bergantiñ
os**

Firmado
digitalmente por
Noa Presas
Bergantiños
Fecha: 2021.10.20
10:34:26 +02'00'

**Iago
Tabarés
Pérez-
Piñeiro**

Firmado
digitalmente por
Iago Tabarés
Pérez-Piñeiro
Fecha: 2021.10.20
10:36:49 +02'00'

**Iria Carreira
Pazos**

Firmado digitalmente
por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2021.10.20
10:38:31 +02'00'

**Ana Pontón
Mondelo**

Firmado digitalmente
por Ana Pontón
Mondelo
Fecha: 2021.10.20
10:39:37 +02'00'

3



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñado, Raquel Arias Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Un dos grandes desafíos que afronta a sociedade galega é a tendencia demográfica. Para reverter esta situación, o Goberno galego pon a disposición das familias galegas un conxunto de medidas que favorezan a conciliación laboral e familiar.

Nos últimos doce anos, o Goberno galego púxose á cabeza de Galicia no que respecta á mellora da conciliación. Desde o ano 2009 duplicou o número de prazas públicas de escolas infantís á disposición das familias galegas, e hoxe en día son xa máis de 24.000; creáronse recursos pioneiros como as casas niño, que achegan a posibilidade de conciliar nas zonas rurais; púxose en marcha o Bono Concilia, que axuda ás familias que non puideron acceder a unha praza pública de escola infantil a pagar unha praza no centro que escollan; ou o Bono Coidado que serve para contratar un coidador ou financiar unha ludoteca cando o neno se pon enfermo.



21 OUT. 2021

Núm. 23860

Tamén hai que destacar a gratuidade da educación infantil para os segundos fillos e sucesivos, medida no que a Xunta de Galicia destina 13,7 millóns de euros. Este ano será o primeiro ano completo no que ningún fogar galego se verá condicionado pola súa capacidade económica para ofrecer aos seus fillos de ata 3 anos unha educación infantil de primeiro nivel.

Galicia deu así o primeiro paso cara á universalización da educación infantil de 0 a 3 anos, converténdose en pioneira a nivel nacional.

Xunto con estas medidas, o pasado 9 de febreiro do 2021 publicouse no DOG a lei 5/2021 de 2 de febreiro de Impulso Demográfico de Galicia, a primeira con rango de lei en España. Unha lei que blindo algunhas das medidas que xa viña aplicando a Xunta, e crea novas ferramentas para apoiar e protexer a todas as familias galegas.

Neste sentido, o Goberno galego incorpora dúas novidades importantes para facilitar a conciliación nesta lexislatura. Por un lado incrementa a partida destinada á posta en marcha das Casas Niño, para chegar a contar con 100 centros de atención á infancia nos concellos do rural galego; e aposta por poñer en marcha centros de atención á infancia nos lugares de traballo.

O obxectivo desta última medida é ofertar ás nais e pais máis recursos que os axuden na crianza dos fillos, pero tamén dar todas as facilidades posibles a todo aquel que queira poñer en marcha unha escola infantil.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha servizos de conciliación en contornas laborais, contando coa implicación do tecido empresarial e cos concellos, co fin de facilitar a conciliación familiar e laboral”.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/10/2021 10:30:10

José Alberto Pazos Couñago na data 20/10/2021 10:30:28

Raquel Arias Rodríguez na data 20/10/2021 10:30:44

María Corina Porro Martínez na data 20/10/2021 10:31:04

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 20/10/2021 10:31:17

María Encarnación Amigo Díaz na data 20/10/2021 10:31:32

Noelia Pérez López na data 20/10/2021 10:31:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



21 OUT. 2021

Núm. 23860

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 20/10/2021 10:32:06

López Sánchez, Rosalía na data 20/10/2021 10:32:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal


 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Manuel Lourenzo Sobral e da deputada Mercedes Queixas Zas, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre o arranxo do muro de peche da Igrexa de San Pedro da Mezquita en A Merca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nun outeiro da parroquia de A Mezquita no concello de A Merca (Ourense) eríxese a igrexa de San Pedro, de orixe románico con elementos de transición ao gótico, declarada “Monumento Nacional” en 1931. Aínda que segundo a inscrición existente na súa porta oeste a igrexa data do ano 1202, existen referencias que xa falan dela máis de dos séculos antes, no ano 986, tratándose posiblemente dun edificio levantado sobre unha construción anterior visigoda ou mozárabe. A existencia de diversos gravados, tanto na parte exterior como na interior do templo, con elementos e simboloxía allea ao románico sustentan a teoría da existencia dunha construción anterior sobre a que se levantou a actual igrexa.


Nos anos 2005 e 2006, a igrexa foi obxecto dun importante proceso de restauración e conservación, para o arranxo tanto da tribuna de madeira, como para solucionar problemas estruturais ou na propia fachada principal.

A situación do templo, nun pequeno outeiro da parroquia de A Merca, máis propia dun castro ou dunha fortaleza que dunha igrexa, permite a visión dun extenso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



val, o que permite ilustrar o desnivel existente no espazo e que constitúe un risco de caída en altura para as usuarias e visitantes do templo.

Hai varios anos, e como consecuencia da erosión provocada polas choivas, derrubouse parte do muro perimetral do adro, na parte traseira da igrexa, fronte ao ábside. Ao marxe do valor patrimonial da contorna, a caída de parte do muro, dado o pronunciado desnivel existente coa finca lindeira, de máis de 2 metros, supón un perigo real para as persoas. Tanto para aquelas que acoden a visitar a igrexa, como as que o utilizan como lugar de tránsito entre o cemiterio antigo e a ampliación do mesmo realizada hai poucos anos.

O valor patrimonial do templo e a conseguinte e necesaria protección de que é obxecto non poden ser impedimento para a reconstrución do muro de peche cuxo derrubo constitúe un perigo tanto para as usuarias do templo como para as persoas que visitan o cemiterio contiguo e que malia as denuncias veciñais aínda continua pendente de reconstrución.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:


“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a promover a reconstrución do muro de peche da igrexa de San Pedro de A Mezquita no concello de A Merca.”

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Mercedes Queixas Zas
Deputado e deputada do G.P. do BNG
Manuel Lourenzo Sobral
Viceportavoz do G.P. do BNG

Iago Tabarés
Pérez-
Piñeiro
Firmado digitalmente
por Iago Tabarés
Pérez-Piñeiro
Fecha: 2021.10.21
10:33:06 +02'00'


Manuel Antonio
Lourenzo Sobral
Firmado digitalmente
por Manuel Antonio
Lourenzo Sobral
Fecha: 2021.10.21
10:34:19 +02'00'

Mercedes
Queixas
Zas
Firmado digitalmente por Mercedes
Queixas Zas
Fecha: 2021.10.21 10:35:04 +02'00'





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, relativa á construción dunha escada de peixes no río Deza.


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No río Deza estanse acometendo obras para realizar unha escada de peixes na presa de Saídres, nun tramo que discorre polos concellos de Silleda e Vila de Cruces.

Resulta sorprendente que esta escada, moi precisa dende hai moitos anos, se estea realizando xusto cando está a punto de rematar a concesión do aproveitamento hidroeléctrico, e que ademais non resolve o problema, xa que o mantemento de caudal ecolóxico do río non é respectado pola concesionaria, cando menos unha parte importante do ano, fundamentalmente no verán,

Todo fai sospeitar que esta obra non é outra cousa que a xustificación para conseguir a prorroga da concesión. Temos que lembrar que, pese a ter varias sentenzas dende hai máis dunha década que obrigaban á concesionaria a construír a escala de salmónidos, esta nunca a executou. Este abuso persistiu ao longo dos anos pola conivencia do PP coas empresas eléctricas que en vez de obrígalas a cumprir mira para outro lado, ao igual que diante dos continuos vertidos que sofren os ríos Arneiro e o Deza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta que o río Deza leva máis dun século de aproveitamento privado das súas augas, do que a concesionaria obtivo cuantiosos beneficios sen deixar nada no territorio, salvo o deterioro da vida no río, e que está a punto de vencer, o BNG considera que unha vez remate a concesión, o Deza debe quedar libre de presas que impidan a libre circulación dos peixes e o desove dos salmónidos nas Trigueiras.

O BNG defende que o río Deza volva ao seu estado orixinal, libre de calquera obstáculo que impida a libre circulación dos peixes e o acceso dos salmónidos ás Trigueiras onde poder desovar.

Rexeitamos unha nova concesión ou prorroga da actual, é preciso que a Xunta explique o por que da realización das obras nestes momentos, se cumpren a normativa vixente de pesca fluvial, se hai realizado e aprobado estudos de impacto ambiental e todas as autorizacións que obriga a lexislación, así como si se teñen feito inspeccións e o resultado das mesmas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego á:


1.- Comprobar a legalidade das obras que se están levando a cabo no río Deza, nun tramo que discorre entre os concellos de Vila de Cruces e Silleda, para a construción dunha escada de peixes.

2.- Abrir os expedientes sancionadores que correspondan, se as mesmas non se axustan á legalidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



3.- Presentar un informe tanto coa xustificación da construción desta escada xusto cando vai rematar a concesión como coas consecuencias de non terse mantido o caudal ecolóxico en longos períodos.

4.- Realizar todas as actuacións precisas para non proceder á renovación da actual concesión para o aproveitamento hidroeléctrico no río Deza, unha vez remate a que está en vigor, esixíndolle á concesionaria a restauración da situación orixinal.”

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG


**María
Montserrat
Prado Cores**
Firmado
digitalmente por
María Montserrat
Prado Cores
Fecha: 2021.10.21
10:48:13 +02'00'

**Xosé
Luis
Bará
Torres**
Firmado
digitalmente
por Xosé Luis
Bará Torres
Fecha:
2021.10.21
10:49:56 +02'00'





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral** e deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de que a Xunta leve a cabo un proxecto ambicioso de potenciación, promoción e internacionalización do sector do videoxogo galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos a sociedade galega foi vendo como a industria dos videoxogos foi crecendo e crecendo até converterse nun sector industrial moi potente que é capaz de mover máis diñeiro que o sector do audiovisual e o da música xuntos.


Neste senso, é moi necesario ter en conta que as colaboracións das diferentes administracións públicas foi escasa ou nula, provocando que o propio sector tivese que saír adiante sen ningún apoio que facilitase o seu crecemento e expansión internacional. Deste xeito, podemos dicir que está todo o traballo por facer, polo que as administracións deben pasar a ter unha política e unha posición activa na colaboración coas empresas, asociacións e universidades nas que estea representado o sector dos videoxogos.

Alén da necesidade de impulsar este sector económico tan potente, faise moi importante incidir no feito de que os videoxogos e todo o mundo que os rodea son unha corrente cultural e como tal, así deben ser tratados. Do mesmo xeito, estas plataformas deben ser vistas como un dos medios máis importantes para promover a normalización





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



lingüística entre os e as mozas galegas, ao ser elas as maiores consumidoras deste tipo de produtos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a elaborar, en colaboración coas empresas e asociacións do sector, as universidades e os medios de comunicación un programa ambicioso de promoción, potenciación, distribución e internacionalización do sector do videoxogo galego co obxectivo de fortalecer e favorecer a creación de máis e mellores postos de traballo de calidade no noso país baseados nun maior investimento público.”

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Daniel
Castro García**

Firmado digitalmente
por Daniel Castro García
Fecha: 2021.10.21
11:32:18 +02'00'

**Mercedes
Queixas Zas**

Firmado digitalmente por
Mercedes Queixas Zas
Fecha: 2021.10.21
11:34:30 +02'00'


**Manuel Antonio
Lourenzo Sobral**

Firmado digitalmente por
Manuel Antonio Lourenzo
Sobral
Fecha: 2021.10.21
11:36:03 +02'00'





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de incluír @s TES no primeiro grupo de vacinación contra a gripe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Sergas ven de anunciar o comezo da campaña 2021 de vacinación da gripe a partir deste luns 18 de outubro, e que a mesma vai iniciarse co persoal dos centros sanitarios do Sergas e centros privados.

Todas as previsións indican que este ano a gripe chegue antes e con máis virulencia que antes do impás que supuxo a Covid 19, debido á falta de inmunidade previa e o levantamento de restricións, multiplicando os riscos de infección e de mortalidade en caso de coinfección.


Segundo a información que se está a transmitir, este ano é necesario enviar a Saúde Pública o número de profesionais a vacinar para o cálculo de doses antes do inicio da campaña, non sendo posíbel acudir aos centros de saúde para recibir a dose durante calquera momento da campaña de vacinación como en temporadas anteriores.

Neste contexto a FGAMT-CIG ven de denunciar que o SERGAS non contemplou incluír ao persoal Técnico de Emerxencias Sanitarias (TES) no primeiro grupo de vacinación da gripe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Resulta sorprendente que non se inclúan @s TES, xa que a súa labor é totalmente sanitaria, cun contacto estreito con miles de doentes, tanto na atención ás urxencias como na actividade programada.

Non ten ningunha explicación esta exclusión, e consideramos unha irresponsabilidade polo risco de ser contaxiad@s mais fundamentalmente contaxiar @s doentes, que por parte da Consellaría de Sanidade, que non se vacinen ao tempo que o persoal de hospitais, atención primaria, sanidade privada e centros socio-sanitarios.

Consideramos preciso que a Consellaría de Sanidade rectifique esta decisión, e por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

- 1.- Incluir o persoal Técnico de Emerxencias Sanitarias (TES) no primeiro grupo de vacinación da gripe na campaña 2021.
- 2.- Realizar todas as accións precisas para declarar ao persoal Técnico de Emerxencias Sanitarias (TES) como persoal sanitario.”


Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Viceportavoz do G.P. do BNG

**María
Montserrat
Prado Cores** Firmado
digitalmente por
María Montserrat
Prado Cores
Fecha: 2021.10.21
11:50:01 +02'00'


**Iria
Carreira
Pazos** Firmado
digitalmente por
Iria Carreira Pazos
Fecha: 2021.10.21
11:51:25 +02'00'

**Olalla
Rodil
Fernández** Firmado
digitalmente por
Olalla Rodil
Fernández
Fecha: 2021.10.21
11:52:39 +02'00'





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a oferta de actualización en materia de competencia lingüística en galego no Plan anual de formación do Profesorado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei orgánica 2/2006, de educación, do 3 de maio, establece que a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros.

Asemade, establece que as administracións educativas planificarán as actividades de formación do profesorado, garantirán unha oferta diversificada e gratuíta e promoverán as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas.


A finalidade da formación permanente é a de promover o desenvolvemento profesional do profesorado para a mellora da práctica educativa, ao longo de toda a súa vida laboral, desde a perspectiva da necesaria actualización didáctica que aproxime a transferencia do coñecemento á realidade próxima ao alumnado.

Segundo o Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado, a Administración educativa galega debe planificar, a través do plan estratéxico e dos plans anuais, as actividades de formación permanente do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



profesorado, garantindo unha oferta diversificada e gratuíta destas actividades e establecendo as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas.

O Plan anual de formación do profesorado responde, xa que logo, a unha vocación de apoio constante na mellora da función docente do profesorado galego e atención a todos os campos nos que este debe estar formado e actualizado, entre os que destaca *unha ampla e variada oferta de accións formativa* correspondente ao bloque de Linguas.

Neste apartado o actual Plan anual de formación do profesorado céntrase unicamente na formación e actualización en linguas e culturas estranxeiras, obviando a necesaria formación continua do profesorado en lingua galega como lingua propia e vehicular de diferentes materias curriculares.

Tampouco se recolle oferta formativa, diversificada e específica, referente á didáctica das linguas en contextos bilingües ou orientada a contextos en proceso de normalización e dinamización lingüística como é o galego.


Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a elaborar un plan de formación vinculado á actualización competencial no dominio da lingua galega para o profesorado de todas as especialidades, así como ao coñecemento e aproveitamento de metodoloxías e recursos didácticos das diferentes materias curriculares desde unha lingua minorizada como é o galego.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Mercedes Queixas Zas
Firmado digitalmente por Mercedes Queixas Zas
Fecha: 2021.10.21 11:58:48 +02'00'


Daniel Castro García
Firmado digitalmente por Daniel Castro García
Fecha: 2021.10.21 12:00:17 +02'00'

Manuel Antonio Lourenzo Sobral
Firmado digitalmente por Manuel Antonio Lourenzo Sobral
Fecha: 2021.10.21 12:01:47 +02'00'





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre os dereitos educativos da mocidade interna no centro de menores Santo Anxo de Rábade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo puido saber o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a Xunta de Galiza pechou o centro escolar Santo Anxo de Rábade vinculado ao centro de protección de menores que leva o mesmo nome. Neste senso, o persoal que até o pasado curso desenvolvía o seu traballo nel foi trasladado a outros centros educativos e unha parte do estudantado matriculado no centro público Mestre Xosé do mesmo concello.

Porén, cinco rapaces do centro de protección de menores permaneceron durante un mes sen escolarizar até que a Consellaría de Educación contratou dúas profesoras a media xornada para lles impartir aulas. Ambas as dúas foran contratadas para o centro de Albeiros e souberon cal sería o seu destino final dun día para outro.


Para o Bloque Nacionalista Galego resulta de todo punto de vista gravísimo e inadmisíbel o acontecido polas seguintes razóns:

1.- Resulta irresponsábel e contrario á lei que estes rapaces –que se atopan internos nun centro de protección de menores dependente da Administración Pública-- estivesen sen escolarizar durante un mes enteiro. O acceso á educación non é só un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



dereito para calquera persoa senón que resulta imprescindíbel na intervención con menores que se atopan en centros de protección e que son responsabilidade da administración pública.

2.- Resulta sorprendente que un centro educativo que até o pasado curso estivo formado por unha equipa directiva propia e profesorado propio como calquera outro centro agora apenas conte con dúas profesoras a media xornada para impartiren ensinanzas en dous ámbitos moi concretos: científico e lingüístico/social. Isto supón un agravio a respecto do coñecemento e proxecto educativo ao que terán acceso pois non é, nin de lonxe, o que lles corresponde. Cómpre sinalar que pola súa contratación a media xornada e pola itinerancia de centro entre as dúas profesoras impartirán 18 horas de aulas semanais. Nove horas cada unha delas.

